




HIPERONIMIA, HIPONIMIA E OS CASOS ESPECIAIS DE ACENTUACIÓN



"Xerarquía" (geralt, Pixabay Content License)



ÍNDICE


HIPERONIMIA, HIPONIMIA E OS CASOS ESPECIAIS DE ACENTUACIÓN

1. AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS.....	1
1.1 Hiperonimia.....	1
1.2 Hiponimia.....	1
1.3 Cohiponimia.....	2
1.4 Campo semántico.....	2
1.5 Familia léxica.....	2
<i>Exercicios</i>	2
2. OS CASOS ESPECIAIS DE ACENTUACIÓN.....	3
2.1 Monosílabos.....	3
2.2 Latinismos e estranxeirismos.....	3
2.3 Adverbios rematados en <i>-mente</i>	3
2.4 Palabras compostas.....	3
2.5 Pronomes.....	3
2.6 Verbos.....	4
<i>Exercicios</i>	4
SOLUCIÓNS.....	5

1. AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS

Recordemos que as **relacións semánticas** son as relacións de significado que se poden dar entre as diferentes palabras dun idioma. Ademais das relacións de semellanza, oposición, existen tamén relacións que teñen que ver coa xerarquía entre os significados. Estas son: a **hiperonimia** e a **hiponimia**, dúas caras dunha mesma moeda.

Imos observar a seguinte imaxe, en que se dá esa xerarquía de significados.



1.1 Hiperonimia

A **hiperonimia** é a relación de significado que se dá entre un termo xeral (este é o **hiperónimo**) e outro ou outros específicos.

Así, na imaxe podemos ver que a palabra *deportes* é o hiperónimo de *fútbol*, *baloncesto*, *balonmán* e *atletismo*, entre outros. Pois deportes engloba o significado xeral de:

‘Actividade que ten como fin o desenvolvemento das facultades físicas da persoa, practicada individualmente ou en equipo e suxeita ou non a unhas regras establecidas.’

1.2 Hiponimia

A **hiponimia** sería a relación inversa que se dá entre os termos específicos (estes son os **hipónimos**) e o termo xeral.

Así, na mesma imaxe podemos ver que *fútbol*, *baloncesto*, *balonmán*, e *atletismo* son hipónimos de *deportes*. Se procuramos os seus significados no dicionario da RAG podemos ver que todos inclúen o hiperónimo deporte.

- Fútbol: **deporte** no que participan dous equipos de once xogadores cada un, que deben, sen valerse das mans e dos brazos, e utilizando especialmente os pés e a cabeza, introducir un balón na portaría contraria, salvando a oposición do outro equipo.
- Baloncesto: **deporte** en que participan dous equipos de cinco xogadores, que consiste en xogar un balón coas mans para tratar de introduci-lo na canastra do equipo contrario.
- Balonmán: **deporte** en que participan dous equipos de sete xogadores, que deben, coa axuda das mans, introducir a pelota na portaría do equipo contrario.



- Atletismo: **deporte** que abrangue varias disciplinas como as carreiras a pé, saltos e lanzamentos.

1.3 Cohiponimia

A relación que se establece entre os termos específicos recibe o nome de **cohiponimia**. O prefixo *co-* significa 'xunto con' ou 'igual', é dicir, que están **no mesmo nivel da xerarquía**. Observando así o mesmo exemplo: *fútbol*, *baloncesto*, *balonmán*, e *atletismo* son **cohipónimos** entre si.

1.4 Campo semántico

Un **campo semántico** é un conxunto de palabras da mesma categoría gramatical que **comparten unha parte esencial do seu significado**. Por exemplo, *cadeira*, *sofá*, *puf*, *tallo*, *banco* pertencen a un mesmo campo semántico, pois todos eles comparten o significado 'asento'.

1.5 Familia léxica

Non debemos confundir o concepto de campo semántico co de **familia léxica**, pois o primeiro ten que ver coa relación entre significados e o segundo coa relación morfolóxica, é dicir, as palabras da mesma familia léxica **comparten un lexema** ou raíz, por exemplo *pan*, *panadeiro*, *panadaría*, *empanada*...



EXERCICIOS

Exercicio 1

Escrebe o hiperónimo dos seguintes hipónimos.

- | | |
|----------------------------------|--|
| a) León, gato, crocodilo, can. | c) Carballo, castiñeiro, salgueiro, eucalipto. |
| b) Sacha, fouciño, arado, legón. | d) Trigo, millo, arroz, centeo. |

Exercicio 2

Indica se estas listas de palabras son campos semánticos ou familias léxicas.

- | | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| a) Estorniño, cuco, bubela, pega. | c) Piso, casa, dúplex, apartamento. |
| b) Flor, floral, floraría, florear. | d) Casa, caseiro, casarío, casal. |



2. OS CASOS ESPECIAIS DE ACENTUACIÓN

Máis alá das regras xerais de acentuación cómpre termos en conta outros **casos especiais de acentuación**.

2.1 Monosílabos

As palabras monosílabas en galego non se acentúan agás que constitúan un par diacrítico. Exemplos: *sal, gol, mel...*

2.2 Latinismos e estranxeirismos

Tanto os latinismos (palabras que proceden do latín) como os estranxeirismos (palabras que proceden doutras linguas) seguen as regras xerais de acentuación. Exemplos:

- *hóckey*: palabra grave rematada en ditongo decrecente.
- *búmerang*: palabra esdrúxula.
- *déficit*: palabra esdrúxula.

2.3 Adverbios rematados en *-mente*

Os adverbios rematados en *-mente* non se acentúan posto que son palabras graves rematadas en vogal. Exemplos: *rapidamente, felizmente...*

2.4 Palabras compostas

Cando as palabras compostas van unidas, o primeiro elemento non leva acento gráfico, acentúase o segundo seguindo a regras xerais (*beirarrúa*, acentúase porque o *u* é tónico e conforma hiato). Porén, cando as compostas van unidas por un guión, acentúase cada palabra por separado (*teórico-práctico*; acentúanse ambas por seren esdrúxulas).

2.5 Pronomes

Por regra xeral, os pronomes non se acentúan, tampouco os interrogativos nin exclamativos. Exemplos: *este, el, un, ti, que, canto...*

Canto me quere!

Que fixestes hoxe?

El chegou tarde.

2.6 Verbos

As formas verbais que van ligadas a pronomes persoais compórtanse como unha soa palabra, que debe acentuarse segundo as regras xerais. Exemplos: *fíxenllos*, *mandáchesme*; a maioría convértese en palabras esdrúxulas e, por tanto, sempre hai que acentualas.

Cando unha forma verbal posúe acento diacrítico, este mantense aínda que vaia seguido de pronomes. Exemplos: *Éche* (verbo ser + che), *dáme* (verbo dar + me)...



EXERCICIOS

Exercicio 3

Explica a acentuación das seguintes palabras:

- a) Facilmente
- b) Quórum
- c) Pa
- d) El
- e) Balonmán

Exercicio 4

Acentúa estas palabras compostas cando sexa necesario.

balompe	xudeo-cristian
teorico-practico	afialapis
beirarrua	xirasol

Exercicio 5

Acentúa ou non os seguintes enunciados.

- a) Dalle os exercicios ao teu compañeiro.
- b) Deixou o coche na beiravía e fixoche caso, chamou ao seguro.
- c) El vén todos os días buscarme á saída.
- d) Estivemos na praia xogando ao baloman, quentaba moito o sol.
- e) Axudoume amablemente a subir os libros á clase.



SOLUCIÓN

Exercicio 1

- a) León, gato, crocodilo, can: animais.
- b) Sacha, fouciño, arado, legón: apeiros de labranza.
- c) Carballo, castiñeiro, salgueiro, eucalipto: árbores.
- d) Trigo, millo, arroz, centeo: cereais.

Exercicio 2

- a) Estornioño, cuco, bubela, pega: campo semántico de aves.
- b) Flor, floral, floraría, florear: familia léxica.
- c) Piso, casa, dúplex, apartamento: campo semántico de vivendas.
- d) Casa, caseiro, casarío, casal: familia léxica.

Exercicio 3

- a) Facilmente: adverbio rematado en -mente non se acentúa xa que é grave rematada en vogal.
- b) Quórum: latinismo que segue a regra xeral, palabra grave rematada en consoante distinta de -n ou -s.
- c) Pa: monosílabo, non se acentúa.
- d) El: pronome persoal e monosílabo, non se acentúa.
- e) Balonmán: palabra composta ligada que segue as regras xerais, aguda rematada en -n.

Exercicio 4

balompé	xudeo-cristián
teórico-práctico	afialapis
beirarrúa	xirasol

Exercicio 5

- a) **Dálle** os exercicios ao teu compañeiro.
- b) Deixou o coche na **beiravía** e **fíxoche** caso, chamou ao seguro.



- c) El vén todos os días buscarme á saída.
- d) Estivemos na praia xogando ao balomán, quentaba moito o sol.
- e) Axudoume amablemente a subir os libros á clase.